



**Asunto: INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE INGRESOS**

**Orzamento: ANO 2025**

De conformidade co artigo 168 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, detállanse, a continuación, as bases de cálculo utilizadas para determinar as previsións de ingresos para o exercicio 2025.

*Réxime xurídico de aplicación*

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Unión Europea ( SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (LRBRL), coas modificacións da Lei 27/2013 (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve capítulo primeiro do título sexto da LRFL, en materia de orzamentos (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Bases de Execución do Orzamento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:45	Páxina 1 de 8
90-142	CSV: A5AB54-8EA94E-B15E88-LVKPPM-8Y1WHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## I.- BASES DE CÁLCULO

Para a determinación das previsións de ingresos, utilizáronse as seguintes informacións:

- 1.- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2023 e a recadación de cada un dos conceptos.
- 2.- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2024.
- 3.- A repercusión na estimación de ingresos para o ano 2025 derivada dos acordos plenarios de 30 de setembro de 2024.
- 4.- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2025 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará o Servizo de Xestión Tributaria.
- 5.- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.
- 6.- As Subvencións de capital de outros axentes financiadores que xuntamente coa Entidade Local, cofinancian proxectos de infraestruturas.

### 7.- Ingresos doutras Administracións:

En relación cos ingresos a conta da Administración Xeral do Estado, por cesións de tributos correspondentes ao IRPF, IVE, II.EE e Fondo Complementario de Financiamento (FCF), segundo os datos facilitados polo Ministerio de Economía e Facenda, presenta unha variación do 13,1% no importe das entregas a conta efectuadas no ano 2024 que xa foron regularizadas e que se están ingresando nas mensualidades de setembro a decembro do ano 2024.

Neste incremento do 13,1% non se está a computar a Liquidación definitiva do ano 2022, por 4.785,1 millóns da que o Concello foi receptor de 19.603.372,12euros, e a anunciada do ano 2023 que se ingresará no ano 2025, que ascenderá a 2.042 millóns de euros, e que segundo os cálculos feitos segundo o reparto da liquidación do ano 2022, ao Concello de Vigo lle corresponde 8,4 millóns.

En aplicación da información xa comunicada á CNAL, a cesión por IRPF, IVE, II.EE e FCF, actualizaranse segundo a regularización do ano 2024:

- Regularización Ano 2024
  - IRPF: 9.033.448,71
  - IVE: 5.830.382,05
  - Alcohol: 49.727,79
  - Cervexa: 29.244,24
  - Tabaco: 434.051,15
  - Hidrocarburos: 1.010.034,29
  - FCF: 86.337.217,40
  - Liquidación 2022: 19.603.372,12
- Ano 2025
  - IRPF: 10.216.830,49
  - IVE: 6.594.162,10
  - Alcohol: 56.242,13
  - Cervexa: 33.075,24
  - Tabaco: 490.911,85



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:45	Páxina 2 de 8
90-142	CSV: A5AB54-8EA94E-B15E88-LVKPPM-8Y1WHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- Hidrocarburos: 1.142.348,78
- FCF: 97.647.392,88
- Liquidación 2023: 8.367.490

Así mesmo, faise unha previsión de ingreso pola contía da bonificación do Transporte Urbano que regula a Lei 11/2022 e acordos que prorrogan a bonificación até o 31 de decembro do 2024, que o Concello adianta e paga con cargo ao seu orzamento e liquidará o Ministerio con posterioridade. A contía reflicte unha estimación referida ao último trimestre do ano 2024.

A previsión do importe da Participación de Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA) non varía, manténdose a contía do ano anterior coa previsión de liquidación. A liquidación definitiva do ano 2023 pola cesión de tributos e polo Fondo Complementario de Financiamento alcanza unha contía de 8.400.000 euros .

A achega polo fondo de cooperación local, está a manter a mesma contía dende hai 10 anos. Non se cuantifica importe algún en relación coa achega que poida facer a Xunta de Galicia no Fondo adicional de Cooperación Local para sufragar unha parte do incremento do custe de tratamento dos residuos urbanos.

En relación coa axuda ao TUC, faise un axuste á baixa, pasando dos 1.747.600,77 euros do ano 2024 aos 1.592.079,82 previstos para o ano 2025.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar, a previsión que se reflicte está relacionada coas horas de prestación concedidas pola Xunta de Galicia, 625.000 horas, cun financiamento autonómico de 12,5 euros/hora máis as de libre concorrencia. A contía reflectida é por 7.875.000,00 euros.

Para o servizo do CEDRO faise a previsión de acordo ao convenio coa FEGAMP, mantendo a contía do ano 2024, por un importe de 541.039,00 euros, sen variación en relación co ano anterior. Neste capítulo tamén se está a reflectir a achega pola subvención autonómica ás EIM, engadindo o centro Santa Marta que se abriu no antigo Miguel Servet, por unha contía total de 572.914,00 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:45	Páxina 3 de 8
90-142	CSV: A5AB54-8EA94E-B15E88-LVKPPM-8Y1WHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## II.- ANÁLISE DOS DISTINTOS CAPÍTULOS

A análise faise tendo en conta cada un dos conceptos, avaliando en cada caso as causas que orixinan a variación, aínda que as mesmas, son de tipo tendencial. Os recursos das facendas locais, ao igual que o resto do sector público, son moi sensibles ás conxunturas económicas.

## CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Descrición	Importe
<b>Operacións Correntes</b>		
I	IMPOSTOS DIRECTOS	123.381.301,49 €
II	IMPOSTOS INDIRECTOS	11.620.105,44 €
III	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	46.054.040,02 €
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	123.650.270,81 €
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	5.404.000,00 €
<b>Total ingresos por operacións Correntes</b>		<b>310.109.717,76 €</b>
<b>Operacións de Capital</b>		
VI	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	0,00 €
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	19.986.288,11 €
<b>Total ingresos por operacións de capital</b>		<b>19.986.288,11 €</b>
<b>Operacións financeiras</b>		
VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	500.000,00 €
<b>Total ingresos por operacións financeiras</b>		<b>500.000,00 €</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>330.596.005,87 €</b>



ORZAMENTO COMPARATIVO DO ESTADO DE INGRESOS ANO 2023-2024 ATENDENDO A NATUREZA ECONÓMICA

Capítulo		Importe 2024	2025	+/- vari.%
1	Impostos directos	117.410.785,66 €	123.381.301,49 €	5,09%
2	Impostos indirectos	10.922.786,87€	11.620.105,44 €	6,38%
3	Taxas, prezos Públicos e outros ingresos	42.799.307,02 €	46.054.040,02 €	7,60,%
4	Transferencias correntes	123.856.742,57 €	123.650.270,81 €	-0,17%
5	Ingresos patrimoniais	5.404.000,00 €	5.404.000,00 €	0,00%
6	Enaxenación de inversións reais	0,00 €	0,00 €	0,00%
7	Transferencias de capital	10.337.253,54 €	19.986.288,11 €	93,34%
8	Activos financeiros	500.000,00 €	500.000,00 €	0,00%
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>311.230.875,66 €</b>	<b>330.596.005,87 €</b>	<b>6,22%</b>

Do importe total do orzamento de ingresos (330.596.005,87 €) corresponden a operacións correntes 310.109.717,76 € (capítulos I a V) e a operacións de capital, 20.486.288,11 €.

**CAPITULO I.- IMPOSTOS DIRECTOS**

Importa este capítulo 123.381.301,49 € e representa un 37,32% do total do orzamento.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2025 aumenta nun 5,09% respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2024.

A previsión do importe da cesión do IRPF regulada no artigo 112 do Texto Refundido da LRFFLL ascende a 10.216.830,49 millóns de euros, supoñendo un 8,28 % do total da imposición directa do Concello (Capítulo I). Supón un 3,09% do total do orzamento e un 3,29% das operacións correntes. Estas previsións téñense realizado a partir das entregas a conta regularizadas do ano 2024 e aplícase unha variación do 13,1%.

As previsións do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana para o ano 2025 ascenden a 74.714.080 euros, as previsións do Imposto sobre Bens Inmóveis de características especiais (BICES), a 3.089.000 euros e as do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Rústica , a 52.000 euros.

As previsións destas tres partidas, contempladas no seu conxunto, supoñen un 23,55% do total do orzamento e un 25,11 % das operacións correntes, un incremento do 4,42% respecto das previsións aprobadas no orzamento de 2024 xustificadas pola actualización de tipos aprobada en sesión plenaria de 30 de setembro de 2024 e da incorporación de novas altas.



**DIRECCIÓN DE INGRESOS  
E  
XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA**

**CONCELLERÍA  
DE  
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



As previsións do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica para o ano 2025 ascenden a 15.367.391 euros, o que supón un incremento de 0,27 % . Este concepto representa un 4,65% do total do orzamento e un 4,96% das operacións correntes. O incremento no ano 2025 procede da actualización de determinadas tarifas aprobada en sesión plenaria de 30 de setembro de 2024.

As previsións do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana para o ano 2025 ascenden a 5.500.000,00 euros representando un 1,66% do total do orzamento e un 1,77% das operacións correntes. Mantense a previsión case idéntica a do exercicio 2024, cun leve incremento do 1,85%.

As previsións do Imposto sobre Actividades Económicas para o ano 2025 ascenden a 14.440.000,00 euros, cifra que xa se alcanzará no exercicio presente. Implica un 3,44% de incremento respecto das previsións do exercicio 2024, e representan un 4,37% do total do orzamento e un 4,66% das operacións correntes.

**CAPITULO II.- IMPOSTOS INDIRECTOS**

Importa este capítulo 11.620.105,44 euros e representa un 3,51% do total do orzamento e un 3,75 % do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2025 supón un incremento do 6,38% respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2024.

A previsión do importe da cesión do IVE regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFL ascende a 6.594.162,10 euros. Supón un 1,99 % do total do orzamento e un 2,13% das operacións correntes. Aumenta un 5,42% respecto da previsión do exercicio 2024 . Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do importe da cesión de Impostos sobre consumos específicos regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFL ascende a 1.724.943,34 euros. Supón un 0,52% do total do orzamento e un 0,56% das operacións correntes. Redúcese un 2,36% respecto da previsión do exercicio 2024. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo Complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

As previsións anteditas do IVE e dos Impostos especiais téñense realizado a partir das entregas a conta regularizadas do ano 2024 e aplícase, como no IRPF, unha variación do 13,1%.

A previsión do Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras para o ano 2025 ascende a 3.300.000 euros e representa un 1,00% do total do orzamento e un 1,06% das operacións correntes. Incrementábase nun 13,79% respecto ao exercicio 2024, tendo en conta a previsión da aprobación do novo plan xeral de ordeación urbanística.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:45	Páxina 6 de 8
90-142	CSV: A5AB54-8EA94E-B15E88-LVKPPM-8Y1WHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



### CAPITULO III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Importa este capítulo 46.054.040,02 € e representa un 13,93% do total do orzamento e un 14,85 % do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2025 aumenta nun 7,60% respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2024.

As previsións da Taxa de recollida do Lixo comercial e de vivendas para o ano 2025 ascenden a 4.421.000 € na partida 30200 de lixo comercial e 16.611.000 € na partida 30201 de lixo vivendas, supoñendo un incremento conxunto do 15,89% respecto das previsións formuladas no exercicio 2024. Os reaxustes nos importes destas partidas derivan da aplicación da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que entrou en vigor o 10 de abril de 2022 e concedeu un prazo de 3 anos aos concellos, a partir da súa entrada en vigor, para que as entidades locais establezan unha taxa, ou no seu caso, unha prestación patrimonial de carácter público non tributaria, específica, diferenciada e non deficitaria, que permita implantar sistemas de pago por xeración e que reflecta o custo real, directo ou indirecto, das operacións de recollida, transporte e tratamento dos residuos, aplicación que foi aprobada en sesión plenaria de 30 de setembro de 2024. A cifra conxunta de 21.032.000 € representa un 6,36% do total do orzamento e un 6,78% das operacións correntes.

Faise constar, respecto da partida 31200 Taxa Escolas Infantís, a súa práctica desaparición por acordo Plenario 29 de xuño de 2022.

Neste capítulo tamén son relevantes pola súa contía os aproveitamentos especiais da vía pública, maioritariamente no subsolo, realizados por empresas explotadoras de servizos de interese xeral que tributan ao concello o 1,5% dos ingresos brutos obtidos polas mesmas no municipio. Formúlanse as mesmas previsións que no orzamento do 2024. Estas partidas resultaron afectadas en negativo pola aplicación á empresas titulares de redes de telecomunicacións da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pronunciada acolléndose a un cambio xurisprudencial do Tribunal Supremo ditado, a súa vez, como consecuencia de cambio do criterio xurisprudencial do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

### CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Importa este capítulo 123.650.270,81 € e representa un 37,40 % do total do orzamento e un 39,87% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio 2025 sufriron unha pequena diminución do 0,17% respecto das aprobadas no orzamento de ingresos de 2024. Inclúen os seguintes ingresos por transferencias: Fondo Complementario de Financiación (FCF), Fondo de Cooperación Local, Subvención a Transporte Urbano Colectivo (TUC) e subvencións e cofinanciamento de servizos como o SAF, CEDRO e outros.

O concepto relevante deste capítulo é o do Fondo Complementario de Financiamento (FCF) polas entregas a conta máis a liquidación do ano 2023. Tamén inclúe a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma (PICA).

As previsións para o concepto de FCF téñense realizado a partir das entregas a conta regularizadas do ano 2024 e aplícase, como no IRPF, unha variación do 13,1%.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:45	Páxina 7 de 8
90-142	CSV: A5AB54-8EA94E-B15E88-LVKPPM-8Y1WHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O concepto 45000 relativo á participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA) mantense na mesma contía e faise de acordo coas entregas recibidas máis a liquidación.

O concepto 45002 relativo á subvención para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) ten en conta o aumento das horas de servizo que se van a prestar. A previsión estará en función das horas polo financiamento hora (611.000 horas de dependencia e 22.560 de libre concorrencia cun cofinanciamento de 12 euros/hora en dependencia e 2,8 euros/hora libre concorrencia). Ten unha previsión de 7.875.000 euros, incrementándose nun 3,87%.

O concepto 45003 relativo ao servizo CEDRO (Programa de Drogodependencia) mantense a contía das entregas a conta até a data.

#### **CAPITULO V.- INGRESOS PATRIMONIAIS.**

Importa este capítulo 5.404.000 €, non sofre variación respecto ao orzamento de 2024.

Representa un 1,63% do total do orzamento e un 1,74 % do total de operacións correntes.

#### **CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.**

Figura unha previsión de Ingresos neste capítulo para o ano 2025 de 19.986.288,11 €, supoñendo un incremento do 93,34 % respecto das previsión do exercicio 2024.

No concepto 72091 recóllese a primeira anualidade da reforma da Avenida de Madrid, ascendendo a aportación da Administración Xeral do Estado a 6.100.000 euros.

O cofinanciamento da Deputación de Pontevedra ascende a 10.823.688,11 euros para cofinanciamento dos proxectos Vigo Vertical J Benavente-Torrecedeira, S Roque e Pintor Colmeiro, e anualidade da grada de gol, supoñendo neste artigo un aumento do 335,79 respecto do exercicio 2024.

O importe das transferencias de capital no orzamento de 2025 supón un 6,05% do total do orzamento e un 97,56 % das operacións de capital.

#### **CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS.**

Importa este capítulo 500.000 € e representa un 0,15% do total do orzamento e un 100% do total de operacións financeiras.

Vigo, outubro de 2024

Asinan dixitalmente, A Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/10/2024 13:45	Páxina 8 de 8
90-142	CSV: A5AB54-8EA94E-B15E88-LVKPPM-8Y1WHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		